


A INCLUSIÓN...É UN CONTO?

O NOSO CONTO

10/05/2013

Lucía Ruiz Casal e Patricia Pena Barbeito



Érase unha vez... unha escola. A esta escola acudían todos os anos rapaces e rapazas de todas as idades, entre 3 e 18 anos, moi diferentes uns dos outros, con intereses, ritmos de aprendizaxe, actitudes, sentimentos, culturas e familias moi diversas.

Nesa escola , organizada baixos os criterios pedagóxicos e mandatos dos políticos de turno, enfrentábanse tódolos días un equipo de Mestres (cada vez menos numeroso) ao gran reto de “educar” á sociedade do futuro.

Corrían tempos difíciles, tempos de crise económica e política, onde os cidadáns , especialmente as xeracións máis xoves, empezaban a desconfiar da capacidade da escola para garantir un futuro profesional. Eran tempos onde os recortes á educación pública ferían gravemente o sistema, os sentimentos e as actitudes de todos (alumnos, profesorado , familias). Eran tempos nos que as familias preocupábanse máis ca nunca da educación dos seus fillos pero nos que non existía unha verdadeira participación e colaboración de éstas na escola.

Pero desde facía algún tempo, nais, país e Mestres desta escola situada na Cidade dos Cabaleiros, andaban a dar voltas a cómo responder ás demandas da sociedade actual, cómo crear unha escola para a sociedade do coñecemento, que dea resposta a toda a súa diversidade, pensada en e para todos.

Un día de inverno, gris como era costume ultimamente, un grupo de intrépidos país e Mestres, desesperados xa, decidiron emprender unha viaxe en busca de solucións.

Eran moitos os que escoitaran falar dun lugar onde seica tiñan a solución a todos os males... Ese lugar era coñecido como... PA-KIS-TAN (aínda que oficialmente se denominaba Departamento de Orientación). Había expertos que dicían que tiñan unha barita máxica e que argallaban en centos de papeis e informes, que coidadosamente protexían baixo chave, pocións máxicas para cúralo todo.

Non lles foi nada difícil atopar aos nosos aventureiros a dichoso sitio. Un cartel algo soso penduraba dunha vella porta: DO. Achegáronse con prudencia e certo medo, petaron na porta que suave e chirriantemente abriu e ... misteriosamente, unhas persoas normais e correntes, nin guapas nin feas, nin altas nin baixas, sin ás, nin baritas, nin caldeiros, nin nada de nada recibíunos amablemente.

Os visitantes expuxeron o motivo da súa presenza, as súas preocupacións, inquietudes, temores e demandas baixo a mirada atenta e calada do equipo de orientación. Ao cabo dun tempo a Orientadora levantouse e con grande seguridade en sí mesma dixo: - É o momento de facer uso dos nosos recursos e das novas tecnoloxías.- Levantou o teléfono entrou en internet, especialmente en youtube, e leron, escoitaron e contactaron cun montón de expertos que ían facilitando os ingredientes necesarios para unha magnífica poción máxica.

Despois de varios días deron por rematada a poción e o noso grupo de valentes, orgullosos do seu papeliño máxico, comezou o regreso á escola.

Se la prometían muy felices pero... o camiño de volta non foi nada doado. Os gobernantes de aquela época esixían cada vez máis sen dar nada a cambio; cortaban ás cabezas do persoal sin ton nin son; aumentaba o número de alumnado cada vez máis; non había cartos para nada; pretendían fomentar valores e introducir contidos que non garantían a equidade nin a verdadeira inclusión educativa...

Cando chegaron de volta a escola esperáballes un panorama desolador, o ánimo da xente estaba polo chan. Pero eles, a pesares do cansancio prepararon a súa poción e a repartiron a todos os membros da comunidade educativa que os miraban con recelo.

Durante os seguintes días probaron e probaron e probaron a poción.... Pero non funcionaba. Algo fallaba, algo faltaba. E pasou algo de tempo ata que se decataron do que era...

Faltaba a barita máxica que lles fixese crer a cada un deles que sí tiñan a solución, os ingredientes e poción para dar resposta de verdade á diversidade e situación da educación.

Entre todos foise contaxiando este sentimento de que sí se poden cambiar as cousas e que está nas nosas máns facer un bo uso dos ingredientes. Elaborouse unha entusiasta fábrica de baritas máxicas con todas as formas e cores inimaxinables.

E... tras varias probas, funcionou.

E unha nova escola para todos foi posible.

E colorín colorado...este conto nunca estará reamatado.



Ilustración: Xosé Tomás